CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 13 DE OUTUBRO DE 2026

PRESIDENTA:

Dª Diana Piñeiro Fernández

ASISTENTES:

D. Rubén Vázquez Pérez
Dª María Luisa Fernández Santín
D. Raúl Varela Fraguio
D. Manuel Castro Uzal

NON ASISTE:

Dª Patricia Esther Espiñeira Galán

SECRETARIA ACCIDENTAL:

Dª. Mª del Juncal Capín Fonseca

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as dez horas do día trece de outubro do ano dous mil vinte e seis, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia da Sra. alcaldesa, Dª. Diana Piñeiro Fernández, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Rubén Vázquez Pérez, Dª María Luisa Fernández Santín, D. Raúl Varela Fraguio e D. Manuel Castro Uzal.

Non asiste á sesión a concelleira Dª Patricia Esther Espiñeira Galán.

Actúa como secretaria a secretaria accidental do Concello, D.ª Mª del Juncal Capín Fonseca, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.c) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA

Non se deu conta de ningún/ningunha.

2.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E CONCELLERÍAS DELEGADAS DE ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións ditadas pola Alcaldía e concellerías delegadas de área do día 2 de outubro de 2026, que comezan coa resolución do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico núm. 747/2026 e rematan coa resolución da Alcaldía núm. 752/2026, segundo se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
747/2026	02-10-2026	Aprobar o expediente de xeración de crédito número 3/2026 por importe total de 286.029,85 euros correspondente á anualidade 2026. Este crédito rexistrarase dentro do proxecto “2026/3/241/3 TALLER

CVD: NROIHWGiYC0BaAXdRLQP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

		DE EMPLEO PROXEDIS III 26/27" financiado co compromiso firme de ingreso no concepto 2026/45050 Transferencias correntes Comunidade Autónoma de emprego" por importe de 286.029,85 euros.
748/2026	02-10-2026	Autorizar e dispoñer o gasto no expediente de contrato menor núm. 2026/C002/000048 cuxo obxecto é un contrato de servizo (de carácter artístico) consistente na actuación "Jánsel e Pónsel" que terá lugar o 4 de outubro de 2026 ás 19.00h no Centro Sociocultural do Graxal. , con cargo á aplicación orzamentaria 334 22609 Adxudicar o contrato menor a María de los Ángeles Pérez Rey, por importe de 1.618,18 (IVE excluído); 1.780,00 euros (IVE incluído).
749/2026	02-10-2026	Conceder a UFD Distribución Electricidad, SA, a licenza municipal solicitada para executar unha canalización de 37 metros lineais para o tendido dunha liña subterránea de baixa tensión destinada a proporcionar subministración de enerxía eléctrica á vivenda unifamiliar sita no lugar de Sobreguexe, parroquia de Cecebre, segundo o proxecto técnico redactado pola enxeñeira técnica industrial S.C.P. (proxecto núm. 618123090115)
750/2026	02-10-2026	Conceder a Gas Natural Redes GLP, SA, licenza municipal para a execución dunha cala de 1 m2 co fin de modificar a subministración de gas canalizado ao edificio sito no Paseo Marítimo, parroquia do Temple
751/2026	02-10-2026	Conceder a UFD Distribución Electricidad, SA, a licenza municipal solicitada para executar unha canalización de 29 metros lineais para o tendido dunha liña subterránea de baixa tensión destinada a proporcionar subministración de enerxía eléctrica á vivenda unifamiliar sita no lugar da Igrexa, parroquia de Cela
752/2026	02-10-2026	Convocar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local para o próximo martes día 6 de outubro de 2026, ás 10.00 horas,

3. -PROPOSTAS

3.1. PROPOSTA RELATIVA Á DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DA OBRA "MELLORA DA PISTA DEPORTIVA MUNICIPAL DO TEMPLE". EXPEDIENTE NÚM. 2023/C003/000008

A Presidencia somete a debate e consideración da Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 5 de outubro de 2026 (CVD: honYQwG0mu7OzFoGjieV), que transcrita di:

«PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE ECONOMÍA, FACENDA, CONTRATACIÓN, RÉXIME INTERIOR E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto que con data de 7 de outubro de 2025 a Xunta de Goberno Local acordou adxudicar a obra denominada "Mellora da pista deportiva municipal de O Temple, Cambre", incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) POS+ 2022. Expediente núm. 2023/C003/000008 a

CVD: NROIHWGiYC0BaAXdRLQP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

favor da entidade mercantil "Instalaciones Deportivas Gallegas, S.L.", no importe de 57.378,20 euros IVE incluído, formalizándose o contrato administrativo con data de 9 de outubro de 2025.

Visto que, por parte da entidade mercantil "Instalaciones Deportivas Gallegas, S.L.", depositouse unha garantía constituída mediante póliza de contragarantía da entidade ABANCA de data 28 de abril de 2025 por importe de 2.371,00 € (número de operación 560-0039-3.444-5), depositado na Tesourería municipal con data de 30 de abril de 2025 (núm. de rexistro 1160).

Visto o escrito presentado por don Francisco Javier Portas Lemus, segundo di, en representación da entidade mercantil "Instalaciones Deportivas Gallegas, S.L.", con data de 7 de novembro de 2025 e número de rexistro de entrada 202599900007078 no que entre outras cousas di:

"(…)

> *"D. Javier Portas Lemus, con DNI 32807649N, como representante legal de la empresa INSTALACIONES DEPORTIVAS GALLEGAS, S.L., con NIF B15623259 presenta este escrito complementando el presentado en fecha 9 de octubre de 2025, por el que se solicitaba la resolución de mutuo acuerdo del contrato expediente 2023/C003/000008, y por medio del presente se manifiesta que dicha resolución se producirá renunciando ambas partes a la reclamación de cualquier tipo de indemnización derivada la misma.*

(…)".

Visto que, a Xunta de Goberno Local de 11 de novembro de 2025, acordou resolver por mutuo acordo o contrato administrativo formalizado en data 9 de outubro de 2025 con "Instalaciones Deportivas Gallegas, S.L" para a execución da obra de "Mellora da pista deportiva municipal de O Temple, Cambre" (TEDEC 2023/C003/000008), sen que por ningunha das partes proceda reclamación de indemnización algunha derivada da mesma.

Visto o escrito presentado por don Francisco Javier Portas Lemus, segundo di, en representación da entidade mercantil "Instalaciones Deportivas Gallegas, S.L.", con data de 15 de xaneiro de 2026 e número de rexistro de entrada 202699900000219, no que solicita a devolución da garantía depositada na tesourería municipal para a correcta execución do contrato.

Vista a providencia do concelleiro de economía, fecenda, contratación, réxime interior e desenvolvemento económico de data do 25 de febreiro de 2026, (CVD: yA1xy/Z/sN7YnyfdFv/y) no que entre outras cousas sinala:

"(...)

> *Visto que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do día once de novembro de dous mil vinte e cinco, acordou, entre outros, resolver por mutuo acordo o contrato administrativo con "Instalaciones Deportivas Gallegas, S.L." para a execución da obra de "Mellora da pista deportiva municipal de O Temple, Cambre" (TEDEC 2023/C003/000008), sen que por ningunha das partes proceda reclamación de indemnización algunha derivada da mesma. Visto que no antedito expediente depositouse unha garantía definitiva constituida pola entidade "Instalaciones Deportivas Gallegas, S.L" por importe de 2.371,00 €, depositado na Tesourería municipal con data de 30 de abril de 2025 (núm. rexistro 1160).*
>
> *Visto o escrito presentado por Don Francisco Javier Portas Lemus, segundo di, en representación da empresa "Instalaciones Deportivas Gallegas, S.L.", con data de 15 de xaneiro de 2026 (núm. de rexistro de entrada 202699900000219) no que solicita a devolución da garantía depositada para garantir a correcta execución do contrato.*
>
> *Á vista do exposto, e tendo en conta que non se realizou a execución do dito contrato por mutuo acordo , realízase a seguinte* ***PROPOSTA:***
>
> ***Primeiro:*** *Devolver a fianza definitiva depositada pola entidade " Instalaciones Deportivas Gallegas, S.L.", con CIF B15623259, por importe de 2.371,00 euros no expediente número 2023/C003/000008, relativo ao contrato da obra de "Mellora da pista deportiva municipal de O Temple, Cambre".*

(…)"

CVD: NROIHWGiYC0BaAXdRLQP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Visto o **INFORME DE INTERVENCIÓN REFERENCIA LMR "MELLORA DA PISTA DEPORTIVA MUNICIPAL DO TEMPLE, CAMBRE". CAMBRE"/2026** emitido pola Interventora Municipal con data do 2 de outubro de 2026, de caracter favorable (CVD: jmeWh63xfY1nxXUVI4yb) no que entre outras cousas sinala:

«(…)

I) ANTECEDENTES:

1.- *Xunta de Goberno Local de 05-11-2024 na que se acordou aprobar o expediente de contratación que consta na plataforma TEDeC ao núm. 2023/C003/000008 relativo á obra "Mellora da pista deportiva municipal de O Temple, Cambre", incluida no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) POS+ 2022, por tramitación ordinaria e mediante procedemento aberto simplificado (mediante aplicación de fórmulas, en base á mellor relación calidade-prezo).*

2.- *Xunta de Goberno Local de 07-10-2025 na que se acordou adxudicar a execución da obra denominada "Mellora da pista deportiva municipal do Temple" cun prazo de execución de 5 semanas, no prezo ofertado de 47.420,00 euros sin IVA (57.378,20 euros IVA incluido), a "Instalaciones Deportivas Gallegas, S.L".*

3.- *Xunta de Goberno Local de 11-11-2025 na que se acordou resolver por mutuo acordo o contrato administrativo formalizado en data 9 de outubro de 2025 con "Instalaciones Deportivas Gallegas, S.L" para a execución da obra de "Mellora da pista deportiva municipal de O Temple, Cambre" (TEDEC 2023/C003/000008), sen que por ningunha das partes proceda reclamación de indemnización algunha derivada da mesma.*

4.- Asento contable correspondente á garantía depositada:

Nº Operación	Fase	Fecha	Referencia	Aplicación	Importe	Saldo	Tercero	Nombre Ter.	Texto Libre
320250000105	CON	01/01/2026	32025000118	70910	2.371,00	2.371,00	B15623259	INSTALACIONES DEPORTIVAS GALLEGAS S.L.	AVAL DEFINITIVO MEJORA DE LA PISTA MUNICIPAL DE O TEMPLE - CAMBRE

II) LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local (LBRL).

- Real Decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

- Lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP).

- Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais. (RBEL)

-Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da lei de facendas locais (TRLFL)

- Lei 9/2017, de 8 de novembro , de contratos do sector public (LCSP).

- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, que aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RXLCAP).

- Real decreto 817/2009, de data 8 de maio, polo que desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro de 2007.

- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).

III) CONSIDERACIONS XURIDICAS

Primeira.- Exixencia de garantía definitiva (art. 107.1 LCSP)

> *"A salvo de lo dispuesto en los apartados 4 y 5, los licitadores que, en las licitaciones de los contratos que celebren las Administraciones Públicas, presenten las mejores ofertas de conformidad con lo dispuesto en el artículo 145, deberán constituir a disposición del órgano de contratación una garantía de un 5 por 100 del precio final ofertado por aquellos, excluido el Impuesto sobre el Valor Añadido. En el caso de los contratos con precios provisionales a que se refiere el apartado 7 del artículo 102, el porcentaje se calculará con referencia al precio máximo fijado, excluido el Impuesto sobre el Valor Añadido.*

CVD: NROIHWGiYC0BaAXdRLQP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

No obstante, atendidas las circunstancias concurrentes en el contrato, el órgano de contratación podrá eximir al adjudicatario de la obligación de constituir garantía definitiva, justificándolo adecuadamente en el pliego de cláusulas administrativas particulares, especialmente en el caso de suministros de bienes consumibles cuya entrega y recepción deba efectuarse antes del pago del precio, contratos que tengan por objeto la prestación de servicios sociales o la inclusión social o laboral de personas pertenecientes a colectivos en riesgo de exclusión social, así como en los contratos privados de la Administración a los que se refieren los puntos 1.º y 2.º de la letra a) del apartado 1 del artículo 25 de la presente Ley. Esta exención no será posible en el caso de contratos de obras, ni de concesión de obras."

***Segunda*.- Garantías definitivas admisibles (art. 108.1 LCSP)**

"Las garantías definitivas exigidas en los contratos celebrados con las Administraciones Públicas podrán prestarse en alguna o algunas de las siguientes formas:

a) En efectivo o en valores, que en todo caso serán de Deuda Pública, con sujeción, en cada caso, a las condiciones establecidas en las normas de desarrollo de esta Ley. El efectivo y los certificados de inmovilización de los valores anotados se depositarán en la Caja General de Depósitos o en sus sucursales encuadradas en las Delegaciones de Economía y Hacienda, o en las Cajas o establecimientos públicos equivalentes de las Comunidades Autónomas o Entidades locales contratantes ante las que deban surtir efectos, en la forma y con las condiciones que las normas de desarrollo de esta Ley establezcan, sin perjuicio de lo dispuesto para los contratos que se celebren en el extranjero.

b) Mediante aval, prestado en la forma y condiciones que establezcan las normas de desarrollo de esta Ley, por alguno de los bancos, cajas de ahorros, cooperativas de crédito, establecimientos financieros de crédito y sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que deberá depositarse en los establecimientos señalados en la letra a) anterior.

c) Mediante contrato de seguro de caución, celebrado en la forma y condiciones que las normas de desarrollo de esta Ley establezcan, con una entidad aseguradora autorizada para operar en el ramo. El certificado del seguro deberá entregarse en los establecimientos señalados en la letra a) anterior."

Terceira.- Responsabilidades a que están afectas as garantías (art. 110 LCSP)

"*La garantía definitiva únicamente responderá de los siguientes conceptos:*

a) De la obligación de formalizar el contrato en plazo, de conformidad con lo dispuesto en el artículo 153.

b) De las penalidades impuestas al contratista conforme al artículo 192 de la presente Ley.

c) De la correcta ejecución de las prestaciones contempladas en el contrato incluidas las mejoras que ofertadas por el contratista hayan sido aceptadas por el órgano de contratación, de los gastos originados a la Administración por la demora del contratista en el cumplimiento de sus obligaciones, y de los daños y perjuicios ocasionados a la misma con motivo de la ejecución del contrato o por su incumplimiento, cuando no proceda su resolución.

d) De la incautación que puede decretarse en los casos de resolución del contrato, de acuerdo con lo que en él o en esta Ley esté establecido.

e) Además, en los contratos de obras, de servicios y de suministros, la garantía definitiva responderá de la inexistencia de vicios o defectos de los bienes construidos o suministrados o de los servicios prestados durante el plazo de garantía que se haya previsto en el contrato"

***Cuarta*.- Causas de resolución dun contrato (art. 211.1 LCSP)**

"1. Son causas de resolución del contrato:

(...)

c) El mutuo acuerdo entre la Administración y el contratista.(...)"

Consta no expediente informe conxunto de secretaría e intervención có asunto Resolución por mutuo acuerdo do contrato da obra "Contratación da obra da pista municipal do Temple-Cambre, asinado o 10-11-2025 que conclue o seguinte (CVD: zdALrV4aUeFgsohNsMF5)

CVD: NROIHWGiYC0BaAXdRLQP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

"(...) En atención ao exposto, á vista das circunstancias expostas nos informes do enxeñeiro técnico de obra pública interino citados nos antecedentes , a xuízo dos que subscriben concorren os requisitos para a resolución do contrato. (...)"

IV) CONCLUSIÓNS

Non consta no expediente apertura de procedemento penalizador ningún, nin de incautación nin de reclamación de danos e prexuízos contra a empresa Instalaciones Deportivas Gallegas, S.L. polo que, dado que o órgano de contratación acordou resolver o contrato, a finalidade de retención da garantía decae.

Polo anterior, infórmase ***favorablemente*** *a* ***devolución do aval*** *constituido por empresa* ***Instalaciones Deportivas Gallegas, S.L.*** *por importe de* ***2.371,00 euros*** *no procedemento de licitación expediente número* ***2023/C003/000008*** . (...)»

Visto canto antecede, e vista a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 391/2025, do 30 de abril, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO:**

Primeiro: Devolver a garantía definitiva por importe de 2.371,00 euros constituída pola entidade "Instalaciones Deportivas Gallegas, S.L.", con ClF B15623259, no expediente número 2023/C003/000008, para a obra denominada "Mellora da pista deportiva municipal do Temple".

Segundo: Notificar este acordo aos interesados e dar traslado do mesmo a Intervención e Tesourería municipais.

De conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante a señora alcaldesa (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante a Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia da Coruña ou a Sala do Contencioso- Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa); todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.»

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 5 de outubro de 2026 (CVD: honYQwG0mu7OzFoGjieV), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

3.2. PROPOSTA RELATIVA Á DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DA OBRA "MELLORA DA PAVIMENTACIÓN NO PASEO MARÍTIMO DO TEMPLE". EXPEDIENTE NÚM. 2019/C003/000003

A Presidencia somete a debate e consideración da Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 5 de outubro de 2026 (CVD: 5JYgjDM+tzUMVrAHqZY4), que transcrita di:

CVD: NROIHWGiYC0BaAXdRLQP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

«PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE ECONOMÍA, FACENDA, CONTRATACIÓN, RÉXIME INTERIOR E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto que con data de 4 de agosto de 2020 a Xunta de Goberno Local adxudicou a obra denominada “Mellora da pavimentación no Paseo marítimo do Temple”, obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS+2019. Expediente núm. 2019/C003/000003 a favor da entidade mercantil "Excavaciones y Obras Candal, S.L.”, no prezo ofertado de 60.782,61 euros IVE incluído, formalizándose o contrato administrativo con data de 12 de agosto de 2020.

Visto que, por parte da entidade mercantil “Excavaciones y Obras Candal, S.L.", depositouse unha garantía definitiva constituída mediante aval da entidade Banco Santander, S.A. de data 17 de xullo de 2020 por importe de 2.511,67 €, inscrito no Rexistro Especial de Avais co número 0049-7886-85-2110001205, depositado na Tesourería municipal con data de 20 de xullo de 2020 (núm. de rexistro 947).

Visto o escrito presentado por don José Manuel Candal García, segundo di, en representación da entidade mercantil “Excavaciones y Obras Candal, S.L.", con data de 25 de marzo de 2026 e número de rexistro de entrada 202699900001764, no que solicita a devolución da garantía depositada na tesourería municipal para a correcta execución do contrato.

Visto o informe do enxeñeiro técnico de obras públicas interino, don Rubén Jiménez Paradelo, de data 15 de xullo de 2026 (CVD: NNOF3/rMm0fzNngCNOc+), no que entre cousas di:

“(…)

> ***INFORME***
>
> *En relación coa devolución do aval constituído por "Excavaciones y Obras Candal, S.L.” para garantir a correcta execución do contrato “Mellora da pavimentación no paseo marítimo de o Temple", obra incluida no plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) “pos + 2019”.- Expediente núm. 2019/C003/000003, transcorrendo o prazo de cinco anos de garantía desde a recepción dá obra, e con base no disposto na Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, infórmase o seguinte:*
>
> *1. O técnico informante, deixa constancia de que non participou en ningunha fase deste contrato, por ser anterior á toma de posesión do cargo como Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas Municipal interino. O presente informe emítese tras a revisión do expediente administrativo, que comprende o contrato formalizado, informes finais e demais documentación técnica e administrativa incorporada ao mesmo.*
>
> *2. No expediente consta xustificante de depósito de garantía definitiva na Tesourería municipal con número de rexistro 947, para a ordenación e mellora da pavimentación no paseo marítimo de o Temple da citada obra: Propietario do metálico: Banco Santander; Garantido: Excavaciones y Obras Candal, S.L. Importe: 2.511,67 euros; Data presentación: 20/07/2020.*
>
> *3. Unha vez finalizado o prazo de garantía de cinco anos contados desde a recepción da obra establecido no contrato, non consta no expediente ningunha documentación nin reclamación formulada polo Concello de Cambre á empresa adxudicataria, nin se detectaron incidencias técnicas ou contractuais que poidan derivar en responsabilidades pendentes.*
>
> *4. Por parte do informante non se formula ningunha obxección, polo que pode considerarse extinguida a responsabilidade do contratista, e levarse a cabo a devolución do depósito da garantía definitiva por importe de 2.511,67 euros.*

(…)”.

Visto o **INFORME DE INTERVENCIÓN REFERENCIA LMR DEVOLUCIÓN AVAL EXPEDIENTE NÚM. 2019/C003/000003 / 2026** emitido pola Interventora Municipal con data do 2 de outubro de 2026, de caracter favorable (CVD: 9NRdddGgrVRp1jYr6F5T) no que entre outras cousas sinala:

“(…)

CVD: NROIHWGiYC0BaAXdRLQP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

I) ANTECEDENTES:

*1.- Xunta de Goberno Local de 09-06-2020 na que se acordou adxudicar a obra "Mellora da pavimentación no Paseo marítimo do Temple", obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS+2019 a favor da empresa "Excavaciones y Obras Candal, S.L.", con NIF *****6219 e enderezo en Brea, Mesón do Vento, 15689 Ordes (A Coruña), no prezo ofertado de 60.782,61 euros IVE incluido (50.233,56 euros sen IVE), e un prazo de garantía ofertado de cinco anos, por ser a seguinte entidade que obtén unha maior puntuación en aplicación dos criterios de valoración que constan na cláusula 15 e Anexo IV do prego de cláusulas administrativas particulares, sen atoparse incursa en presunción de oferta anormalmente baixa.*

2.- Asento contable correspondente á garantía depositada:

Nº Operación	Fase	Fecha	Referencia	Aplicación	Importe	Tercero	Nombre Ter.	Texto Libre
320200000350	CON	01/01/26	320200004057	70910	2.511,67	B15496219	EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL, S.L.	AVAL MEJORA PAVIMENTACIÓN PASEO MARÍTIMO O TEMPLE

3.- Solicitude de devolución de garantía presentada o 25-03-2026 (núm. de rexistro de entrada 202699900001764)

4.- Informe favorable á devolución do aval asinado o 15-07-2026 (CVD: NNOF3/rMm0fzNngCNOc+) polo enxeñeiro Técnico de Obras Públicas Municipal interino

II) LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local (LBRL).

- Real Decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

- Lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP).

- Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais. (RBEL)

-Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da lei de facendas locais (TRLFL)

- Lei 9/2017, de 8 de novembro , de contratos do sector public (LCSP).

- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, que aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RXLCAP).

- Real decreto 817/2009, de data 8 de maio, polo que desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro de 2007.

- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).

III) CONSIDERACIÓN PREVIA

Fago constar por escrito a excesiva carga de traballo que soporta esta Intervención na actualidade pois, á infradotación do departamento e ás vacantes nos postos de administrativo e Tecnico de xestión orzamentaria de gastos e de contabilidade súmanse o alarmante retraso que experimenta a contabilidade municipal (o exercicio 2025 está sen pechar e o exercicio 2026 non está ao día) e da inxente cantidade de expedientes que, a pesar de percibir a totalidade das retribucións asignadas ao posto de intervención, non foron informados pola intervención accidental/interina (liquidación 2025, conta xeral 2025, control interno e reparos suspensivos 2025, presuposto 2026, contratos varios, fiscalización de facturas, revisións de oficio e liquidacións, devolucións de avais, entre outros) todo o cal está a obstaculizar o normal funcionamento do departamento de intervención.

Polo exposto a interventora que subscribe está a soportar unha carga de traballo excesiva que impide facer unhas consideracions mais axeitadas e extensas e fan que teña que expresarme de xeito sintetico, co risgo que a sintese entrana. Polo tanto, o informe emítese coas cautelas que se derivan deste feito e referirase exclusivamente a aspectos básicos do expediente polo que poderán ser ampliadas unha vez examinado o expediente con máis detalle.

IV) CONSIDERACIONS XURIDICAS

CVD: NROIHWGiYC0BaAXdRLQP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

***Primeira*: Responsabilidades a que están afectas as garantías.**

O artigo 110 da LCSP dispón:

> ***"****La garantía definitiva únicamente responderá de los siguientes conceptos:*
>
> *a) De la obligación de formalizar el contrato en plazo, de conformidad con lo dispuesto en el artículo 153.*
>
> *b) De las penalidades impuestas al contratista conforme al artículo 192 de la presente Ley.*
>
> *c) De la correcta ejecución de las prestaciones contempladas en el contrato incluidas las mejoras que ofertadas por el contratista hayan sido aceptadas por el órgano de contratación, de los gastos originados a la Administración por la demora del contratista en el cumplimiento de sus obligaciones, y de los daños y perjuicios ocasionados a la misma con motivo de la ejecución del contrato o por su incumplimiento, cuando no proceda su resolución.*
>
> *d) De la incautación que puede decretarse en los casos de resolución del contrato, de acuerdo con lo que en él o en esta Ley esté establecido.*
>
> *e) Además, en los contratos de obras, de servicios y de suministros, la garantía definitiva responderá de la inexistencia de vicios o defectos de los bienes construidos o suministrados o de los servicios prestados durante el plazo de garantía que se haya previsto en el contrato"*

***Segunda*: O prazo de garantía**

O artigo 243.3 LCSP determina que: "El plazo de garantía se establecerá en el pliego de cláusulas administrativas particulares atendiendo a la naturaleza y complejidad de la obra y no podrá ser inferior a un año salvo casos especiales"

A cláusula 37 das dos PCA (CVD: sP+lZ4qANDs5oEcZbuXX) dispón que:

> *"**37) PLAZO DE GARANTÍA.***
>
> *El plazo de garantía tendrá una duración de un año a contar desde la recepción de las obras , salvo que el adjudicatario hubiere ofertado un plazo de garantía mayor ,que en ningún caso será superior a 5 años.*
>
> *Durante el plazo de garantía el contratista estará obligado a la guarda y conservación de las obras, siguiendo, en su caso, las instrucciones que reciba del Técnico-Director, siendo responsable de los daños intrínsecos que en ella se produzcan*
>
> *Si las obras se deteriorasen por incumplimiento de esta obligación, los trabajos necesarios para su reparación se ejecutarán por la Administración contratante, a costa del contratista"*

A cláusula V.- das do CONTRATO ADMINISTRATIVO PARA A EXECUCIÓN DA OBRA "MELLORA DA PAVIMENTACIÓN NO PASEO MARÍTIMO DO TEMPLE", INCLUIDA NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNCIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS +2019". Expediente 2019/C003/000003", asinado o 12-08-2020 (CVD: ji4zUi2m/64gXJgk8rzK) establece que o prazo de garantía previsto é de cinco (5) anos desde a recepción da obra .

A acta de recepción foi asinada (sinatura manuscrita, non dixital) en data 01-03-2021 e consta incorporada ao expediente 2019/C003/000003 en data 28-05-2021.

***Terceira*: A devolución da garantía definitiva**

De conformidade có artigo 243.3 da LCSP:

> *"(...) Dentro del plazo de quince días anteriores al cumplimiento del plazo de garantía, el director facultativo de la obra, de oficio o a instancia del contratista, redactará un informe sobre el estado de las obras. Si este fuera favorable, el contratista quedará exonerado de toda responsabilidad, salvo lo dispuesto en el artículo siguiente, procediéndose a la devolución o cancelación de la garantía, a la liquidación del contrato y, en su caso, al pago de las obligaciones pendientes que deberá efectuarse en el plazo de sesenta días. En el caso de que el informe no fuera favorable y los defectos observados se debiesen a deficiencias en la ejecución de la obra y no al uso de lo construido, durante el plazo de garantía, el director facultativo procederá a dictar las oportunas instrucciones al contratista para la debida reparación de lo construido, concediéndole un plazo para ello durante el cual continuará encargado de la conservación de las obras, sin derecho a percibir cantidad alguna por ampliación del plazo de garantía"*

A cláusula 38 dos PCA (CVD: sP+lZ4qANDs5oEcZbuXX) exprésase en termos similares:

CVD: NROIHWGiYC0BaAXdRLQP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

"38) LIQUIDACIÓN Y DEVOLUCIÓN DE LA GARANTÍA DEFINITIVA.

A) Obras contratadas por la Diputación.

Dentro del plazo de 15 días anteriores al cumplimiento del plazo de garantía, el Director facultativo de la obra, de oficio o a instancia del contratista, redactará un informe sobre el estado de las obras. Si éste fuera favorable, el contratista quedará relevado de toda responsabilidad, salvo lo dispuesto en el art. 241 LCSP (Responsabilidad por vicios ocultos), procediéndose a la devolución o cancelación de la garantía y a la liquidación, en su caso, de las obligaciones pendientes que deberá efectuarse en el plazo de sesenta días.

En el caso de que el informe no fuera favorable y los defectos observados se debiesen a deficiencias en la ejecución de la obra y no al uso de lo construido, durante el plazo de garantía el Director facultativo procederá a dictar las oportunas instrucciones al contratista para la debida reparación de lo construido, concediéndole un plazo para ello durante el cual continuará encargado de la conservación de las obras, sin derecho a percibir cantidad alguna por ampliación del plazo de garantía.

No obstante en el supuesto de que el contratista no haga las reparaciones indicadas el órgano de contratación podrá ordenar la ejecución de las mismas a otra empresa, corriendo a costa del contratista adjudicatario de la obra el pago de los citados gastos, bien con cargo a la garantía si fuere suficiente, y si el importe de la reparación excediera del importe de la garantía se exigirá el abono de dichos gastos por la vía de apremio.

B) Obras contratadas por los Ayuntamientos.

B.1) Será de aplicación lo establecido en el apartado A de la presente cláusula. .(...)"

Cuarta: *Os informes favorables á devolución do aval asinados pola dirección de obra e polo enxeñeiro Técnico de Obras Públicas Municipal interino*

*Consta no expediente o informe favorable asinado o 15-07-2026 (CVD: NNOF3/rMm0fzNngCNOc+) polo enxeñeiro Técnico de Obras Públicas Municipal interino (*o subliñado é propio):*

"(...) En relación coa devolución do aval constituído por "Excavaciones y Obras Candal, S.L." para garantir a correcta execución do contrato "Mellora da pavimentación no paseo marítimo de o Temple", obra incluida no plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) "pos + 2019".- Expediente núm. 2019/C003/000003, transcorrendo o prazo de cinco anos de garantía desde a recepción dá obra, e con base no disposto na Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, infórmase o seguinte:

1 O técnico informante, deixa constancia de que non participou en ningunha fase deste contrato, por ser anterior á toma de posesión do cargo como Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas Municipal interino. O presente informe emítese tras a revisión do expediente administrativo, que comprende o contrato formalizado, informes finais e demais documentación técnica e administrativa incorporada ao mesmo.

2 No expediente consta xustificante de depósito de garantía definitiva na Tesourería municipal con número de rexistro 947, para a ordenación e mellora da pavimentación no paseo marítimo de o Temple da citada obra: Propietario do metálico: Banco Santander; Garantido: Excavaciones y Obras Candal, S.L. Importe: 2.511,67 euros; Data presentación: 20/07/2020.

3 Unha vez finalizado o prazo de garantía de cinco anos contados desde a recepción da obra establecido no contrato, non consta no expediente ningunha documentación nin reclamación formulada polo Concello de Cambre á empresa adxudicataria, nin se detectaron incidencias técnicas ou contractuais que poidan derivar en responsabilidades pendentes.

4 Por parte do informante non se formula ningunha obxección, polo que pode considerarse extinguida a responsabilidade do contratista, e levarse a cabo a devolución do depósito da garantía definitiva por importe de 2.511,67 euros. (...)"

IV) CONCLUSIÓNS

Infórmase ***favorablemente*** *a* ***devolución do aval*** *constituido por* ***EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL S.L.*** *por importe de* ***2.511,67 euros*** *para garantir a execución da obra denominada "* ***MELLORA DA PAVIMENTACIÓN NO PASEO MARÍTIMO DO TEMPLE" Expediente núm. 2019/C003/000003.***

E para que conste e surta os efectos oportunos, expido e asino o presente informe en Cambre na data que figura na marxe.

(...)".

Visto canto antecede, e vista a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 391/2025, do 30 de abril, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO:**

CVD: NROIHWGiYC0BaAXdRLQP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

Primeiro: Devolver a garantía definitiva por importe de 2.511,67 euros constituída pola entidade "Excavaciones y Obras Candal, S.L.", con ClF B15496219, no expediente número 2019/C003/000003, para a obra denominada "Mellora da pavimentación no Paseo marítimo do Temple".

Segundo: Notificar este acordo aos interesados e dar traslado do mesmo a Intervención e Tesourería municipais.

De conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante a señora alcaldesa (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante a Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia da Coruña ou a Sala do Contencioso- Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa); todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.»

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 5 de outubro de 2026 (CVD: 5JYgjDM+tzUMVrAHqZY4), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

4.- ASUNTOS SOBREVIDOS

Non se tratou ningún asunto sobrevido.

5.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formulou ningún/ningunha.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as dez horas e oito minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria accidental nesta sesión, dou fe.

A secretaria accidental
(Asinada dixitalmente nesta data pola auxiliar administrativa adscrita a Secretaría que actuou como secretaria accidental na sesión)

Visto e prace
A presidenta

Diana Piñeiro Fernández

Mª del Juncal Capín Fonseca

CVD: NROIHWGiYC0BaAXdRLQP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/